



asociación pola defensa da ría

NOVA ESCALADA DE CORRUPCIÓN AMBIENTAL EN LOURIZÁN !

Tal como fixo coa fábrica de ENCE, o Partido Popular pretende permitir a continuidade de ELNOSA en Lourizán, unha decisión absolutamente inaceptábel tanto polo que supón de freo para a recuperación da Ría e a súa contorna, como polo xeito en que se vai levar adiante.

Resulta inaceptábel que a Xunta de Galicia poida manter na Ría unha empresa perigosa, que almacena grandes cantidades de cloro nas súas dependencias e pon en grave risco á veciñanza da comarca; que renunciou a mudar de tecnoloxía ao solicitaren a renovación da AAI, pois non presentou -como esixía a UE- antes do 2011 un plan para facer o amentado cambio; que renunciou de novo ao asinar coa Xunta de Galicia un acordo que fixaba o ano 2017 como a data final de permanencia en Lourizán. Xa daquela, dixemos que o acordo Xunta-ELNOSA era papel mollado e que, chegado o momento, o PP ía defender os seus intereses particulares, uns intereses que pasan por beneficiar ás empresas amigas. Non esquezamos que unha das máximas responsábeis de ELNOSA, Amaya Echevarría Moreno, é irmá da actual Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental da Xunta.

E aínda que afirmen que esta decisión estaría condicionada ao cambio de tecnoloxía, o certo é que a Xunta concedería a renovación antes do abandono da actual, baseada na electrólise con cátodo de mercurio. Porque ELNOSA seguiría producindo derivados de cloro e sosa en Lourizán e, quen garante que non seguiría fabricando cloro coa actual tecnoloxía?

Pero resulta inaceptábel tamén o xeito en que se pretende facilitar a continuidade. A Xunta vai tramitar a renovación da AAI a ELNOSA para, na práctica, prorrogar a súa concesión en Dominio Público Marítimo Terrestre máis alá do 2018, unha prórroga que compete ao goberno central e que estaría impedida legalmente por estar aberto un expediente de caducidade da actual concesión.

Desde a APDR esiximos que se paralice esta nova agresión á nosa comarca e solicitamos aos grupos municipais do Concello de Pontevedra que manteñan unha actitude firme na defensa do interese xeral fronte aos privilexios particulares; que fagan cumprir a legalidade urbanística, e que impidan calquera posibilidade de permanencia de ELNOSA na Ría, non só para preservar o noso medio ambiente senón tamén para evitar os evidentes perigos aos que estamos expostas as persoas da comarca polo almacenamento de grandes volumes de cloro, porque ELNOSA é -e seguirá sendo aínda que mude a tecnoloxía- unha bomba ao pé das nosas casas.

Por todas estas razóns, este sábado 17 de decembro, desde as 12 horas, estaremos na praza da Peregrina recollendo sinaturas para denunciar esta situación e esixir a saída de ELNOSA da nosa Ría.

